



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

PREGO DE CLAÚSULAS – ADMINISTRATIVAS PARA ADXUDICAR, MEDIANTE CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL, POR CONTRATO MENOR, A EXPLOTACIÓN DO BAR DA PISCINA MUNICIPAL DE LOBIOS.

Obxecto do contrato: Constitúe o obxecto do contrato o contrato administrativo especial por contrato menor da explotación do bar da piscina municipal do Concello de Lobios.

Duración do contrato: Tres meses, coincidirá coa tempada de apertura da piscina.

Tipo de licitación:

O canon mínimo para satisfacer polo licitador para esta contratación fíxase na cantidade de CENTO OITENTA EUROS (180 EUROS) polos tres meses improrrogables de duración do contrato, máis o 16% de IVE. Dita cantidade prorratearase por meses. Cada mensualidade deberá aboarse por adiantado dentro dos dez primeiros días de cada mes, mediante o seu ingreso na conta 2080/0311/16/0040004837 que o concello ten en Caixanova-Sucursal de Lobios. Quedan automaticamente excluídas as propostas que sexan inferiores ó canon mínimo.

Reversión de bens e instalacións:

Unha vez que finalice o prazo reverteran no concello tódalas instalacións que constitúan elementos fixos do bar, xunto con aqueles que sen seren fixos, queden encaixados nalgún elemento local, así como toda clase de melloras que se puidesen facer durante o tempo da concesión.

Calquera obra, instalación ou mellora que pretendese face-lo adxudicatario deberá ser autorizada polo Concello; no caso de autorizarse, os gastos ocasionados serán por conta do adxudicatario.

Garantías provisional

Non se esixe garantía provisional

Garantías definitiva

Esíxese unha garantía definitiva de 60 euros, correspondente a unha mensualidade. Dita garantía debe facerse efectiva nos cinco días naturais seguintes á notificación da adxudicación.

Normas para a prestación do servizo:

O adxudicatario utilizará o local con arranxo ó uso permitido, estando obrigado a conservalo en perfecto estado, realizando pola súa conta as reparacións necesarias, respondendo incluso dos deterioros producidos polos usuarios e a devolvelo no mesmo estado en que o recibiu, ó rematar o contrato. Non poderá realizar obras que modifiquen a estrutura, nin subarrendalo.

O adxudicatario quedará obrigado a contratar e pagar a todo o persoal necesario, que deberá ser suficiente para o normal funcionamento dos servizos, así como do cumprimento da lexislación laboral. O persoal que empregue o adxudicatario para estes servizos non terá relación laboral ou funcional ningunha co Concello, por depender exclusivamente daquel, o



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

cal terá tódolos dereitos e obrigacións inherentes á súa calidade de empregador respecto do citado persoal, de conformidade coa lexislación vixente ou a que no sucesivo se promulgue, sen que, en ningún caso, resulte responsable o Concello das obrigacións mutuas entre o adxudicatario e os seus empregados, aínda cando os despedimentos e medidas que se adopten sexan consecuencia directa ou indirecta do cumprimento, incumprimento ou interpretación deste contrato.

O contrato a que se refire este prego de condicións entenderase a risco e ventura do adxudicatario (artigo 199, Lei 30/2.007)

Deberes e dereitos do adxudicatario:

1) Obrigacións: Ademais das de carácter xeral previstas na lexislación vixente e das establecidas na cláusula anterior, especificamente impóñense ó adxudicatario as seguintes:

- a) Adquisición de tódolos elementos precisos para o funcionamento do servizo.
- b) Contratación do persoal para a adecuada explotación do servizo, sendo por conta e cargo do adxudicatario o aboamento de salarios e toda clase de seguros que procedan.
- c) Exposición ó público en taboíña visible do prezo dos artigos a expedir. Os prezos das consumicións deberán contar coa supervisión do Concello, tanto para a súa implantación como para a súa variación
- d) Esmerada limpeza do establezemento. Non se permite despachar ó exterior do establezemento produtos en envase de vidro nin latas de bebidas.
- e) Todo o persoal, que preste o seu servizo nos locais, deberá posuí-lo carné de manipulador de alimentos e o adxudicatario causar ou estar dado de alta no imposto de actividades económicas e no correspondente réxime da Seguridade Social.
- f) A explotación figurará para tódolos efectos, a nome do adxudicatario, que terá a obrigación de satisfacer tódolos impostos e taxas, anuncios publicitarios ou calquer outra.
- g) Os gastos de subministración de luz, teléfono ou análogos do bar correrán por conta do adxudicatario.
- h) O adxudicatario deberá axusta-lo horario da explotación do bar ó horario global da piscina.
- i) O bar deberá estar aberto os días nos que estean abertas ao público as instalacións, incluídos domingos e festivos.
- j) Queda prohibida terminantemente a realización de actividades ou celebracións de carácter privado. Para os servizos ou celebracións externas á programación das actividades da piscina, deberá solicitarlle permiso por escrito ó concello, cunha semana de antelación.
- k) Respetar e facer respecta-la boa orde e conservación de locais e aparellos do bar.

2) Dereitos: En reciprocidade ás obrigas detalladas na cláusula anterior, ademais das previstas na lexislación aplicable, os dereitos do adxudicatario serán:

- a) Explotación do bar durante o período do contrato.
- b) A utilización dos bens que sexan necesarios para o desenvolvemento das súas actividades



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

Deberes e dereitos do Concello:

O Concello resérvase o dereito a realizar actividades, que lle serán notificadas ó interesado con antelación.

Causas de resolución do contrato: Serán causas de extinción do contrato, as seguintes:

- a) Incumprimento das obrigacións que lle corresponden ó adxudicatario, de acordo co previsto neste prego.
- b) Permanece-lo bar pechado sen autorización do Concello, así como incumprir os horarios ou deixar de prestar algún servizo.
- c) Non pagamento do canon nos prazos establecidos, outorgándose neste caso ó adxudicatario un prazo de 15 días para deixa-lo local, coa perda da fianza e sen que teña dereito a ningunha indemnización por parte do concello.
- d) Incumprimento do deber de conservación das instalacións e mantemento continuado dun aceptable nivel de servizo.
- e) A realización de celebracións privadas ou externas ó servizo, non autorizadas previamente así como a apertura en horario nocturno.
- f) As demais previstas na lexislación vixente de aplicación.

Infraccións e sancións: O incumprimento das obrigacións derivadas do presente contrato, por parte do adxudicatario, facultará ó Concello para esixir-lo seu cumprimento ou declara-la rescisión do contrato. De calquera xeito, terase que notifica-lo acordo de resolución mediante as fórmulas establecidas na lexislación vixente. Sen prexuízo dos casos nos que proceda a resolución do contrato, o Concello poderá impoñer sancións económicas nos termos e contía que determine a lexislación vixente.

Criterios de adxudicación: Na valoración das diferentes propostas terase en conta:

- a) Oferta económica: De 0 a 15 puntos

Para outorgar a puntuación na oferta económica tense en conta a contía da mesma. A mellor solicitude percibirá o 100% da puntuación e as seguintes asinaraselle a puntuación por regra de tres simple.

- b) Experiencia en actividades de hostalería, a acreditar mediante a presentación de certificados de empresa ou contratos de traballo e de cursos de formación e perfeccionamento: De 0 a 5 puntos.

Para outorgar a puntuación en experiencia en actividades de hostalería terase en conta o tipo de experiencia e os cursos de formación ou perfeccionamento impartidos polas Administracións Públicas, universidades, INEM, formación ocupacional e outros centros oficiais relacionados con actividades de hostalería, segundo o seguinte desglose:

- Experiencia en actividades de hostalería: De 0 a 3 puntos, con suxeición ós seguintes criterios: Experiencia en actividades de hostalería como asalariado: 0,1 puntos por mes. Experiencia en actividades de hostalería como propietario: 0,15 puntos por mes.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

- Cursos de formación ou perfeccionamento impartidos polas Administracións Públicas, universidades, INEM, formación ocupacional e outros centros oficiais relacionados con actividades de hostelería: De 0 a 2 puntos, con suxeición ós seguintes criterios:
 - * Por cursos de formación ou perfeccionamento:
 - Cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos por curso.
 - Cursos de máis de 20 horas e menos de 50 horas: 0,20 puntos por curso.
 - Cursos de máis de 50 horas: 0,30 puntos por curso.

Neste apartado, non se valorará a posesión do carné de manipulador de alimentos, xa que a posesión deste carné é un requisito indispensable para poder participar nesta adxudicación, quedando automaticamente excluída aquela proposta que non inclúa dito documento.

Anuncio.

O contrato administrativo especial por contrato menor da explotación do bar da piscina municipal do Concello de Lobios, anunciarase no taboleiro de Edictos ena páxina web do concello www.lobios.org

Proposicións: lugar e prazo de presentación.

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentarase no rexistro do concello de Lobios, dentro do prazo dos DEZ DÍAS NATURAIS a contar do seguinte ó da publicación do anuncio no taboleiro de edictos, en horario de nove a catorce e en dous sobres pechados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos neste prego. Se o último día fora inhábil ou sábado, o prazo rematará o primeiro día hábil seguinte.

Sen a concorrencia de dito requisito non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora de remate do prazo sinalado no anuncio.

Proposicións: Documentación.

SOBRE A: Subtitulado “DOCUMENTACIÓN”.

Conterá a seguinte documentación:

A) DOCUMENTO ACREDITATIVO DA CAPACIDADE DAS EMPRESAS.

A-1) EMPRESARIO INDIVIDUAL: Fotocopia do NIF, Pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) PERSOAS XURÍDICAS: Escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

Se non o fora: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente rexistro oficial.

- Fotocopia da Tarxeta de Código de Identificación Fiscal (CIF), debidamente compulsada.

B) PODERES: Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade a nome da cal concorre ante a administración contratante.

C) BASTANTEO DE PODERES: Os poderes a que se refire o apartado b) da presente cláusula, deberán bastantearse previamente polo secretario da corporación ou funcionario habilitado.

D) Declaración responsable de que a empresa interesada non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 49 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (Anexo I)

E) Certificación ou documento acreditativo de que o contratista se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da seguridade social. Nembargantes, os licitadores poderán presentar unha declaración responsable na que fagan constar que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da seguridade social, sen prexuízo de que durante o prazo de presentación soliciten coa maior urxencia a correspondente certificación da administración tributaria e da seguridade social (Anexo I)

F) ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E SOLVENCIA TÉCNICA.

Os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira por calquera dos medios a que se refire o artigo 64 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e a solvencia técnica por calquera dos medios a que se refire o artigo 68 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

G) ÍNDICE DE DOCUMENTOS QUE INTEGRAN O SOBRE:

Deberá constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

SOBRE B: Subtitulado “OFERTA ECONÓMICA E REFERENCIAS TÉCNICAS”.

Conterá a proposición económica formulada estrictamente conforme ó modelo que figura como Anexo II deste prego.

Ademais conterá a documentación relativa ós criterios de adxudicación recollidos neste prego



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

Deberá constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

Apertura de proposicións: A apertura de proposicións terá lugar na Casa do Concello, ás 11:00 horas do día hábil seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación de proposicións, agás os sábados, suposto no que a licitación terá lugar á mesma hora do primeiro día hábil seguinte.

A apertura de proposicións realizaraa o Alcalde

A resolución efectuaraa o Alcalde a favor da proposición que resulte economicamente máis vantaxosa, ó seu xuízo, tralos asesoramentos previos oportunos, reservándose a facultade de declarar deserto o concurso.

Normas aplicables: En todo o non previsto neste prego, rexerá, en canto a preparación, adxudicación efectos e extinción do contrato, o disposto na LCSP e nas súas disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e no seu defecto as normas de dereito privado (artigo 19.2 da LCSP).

As controversias que puidesen xurdir entre as partes no ámbito deste contrato, substanciaranse, de ser o caso, perante a xurisdicción contencioso-administrativa (artigo 21.1 da LCSP).

Lobios, 8 de xuño de 2.009
O Alcalde-Presidente

Asdo...: José Lamela Bautista



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

ANEXO II
(MODELO DE PRESENTACIÓN DO LICITADOR)

Don/a _____ con
DNI _____ nº _____, con _____ endereço
en _____ Teléfono/Fax _____ e-
mail: _____ no nome propio (ou na representación
de _____ segundo acreditado
con _____), informado/a da convocatoria que realiza o concello
de Lobios para a contratación do contrato administrativo especial por contrato menor da
explotación do bar da piscina municipal, comprométome a levar a cabo a prestación do servizo
nos termos e condicións que establece o prego de cláusulas económicas –administrativas que
rexen a contratación, documento que declaro coñecer e, ofrezco como canon anual a cantidade
de _____ euros (en letra e número), que me
comprometo a satisfacerlle ó Concello de Lobios nos prazos sinalados na cláusula terceira do
mencionado prego.

....., de de

.....



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

ANEXO I

D. , co DNI núm. , en nome propio ou en representación da empresa , co NIF/CIF núm.

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que tanto a compañía mercantil á que representa como os administradores e representantes desta teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar enumeradas de non estar incurso en ningunha das circunstancias ás que se refire o artigo 49 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

Así mesmo declara que a compañía mercantil á que representa:

- Esta dada de alta e ó corrente no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato.
- Encontrarse ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Estatal.
- Encontrarse ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Autónoma Galega.
- Encontrarse ó corrente do cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

..... , de de

.....